

## HORARIOS INTEMPESTIVOS



Na última reunión da comisión de investigación da piscina de Chapela, celebrada o día 6 de novembro, pediuse un día pola tarde para poder consultar a documentación que se puxo á nosa disposición no Concello, xa que polas mañás había membros da comisión que tiñan que traballar, e as súas horas libres non coincidían coas horas nas que o Concello está aberto. Quedouse en fixar un día pola tarde para poder ir consultala, algo no que todos os asistentes estivemos de acordo, e dixeron que xa se nos comunicaría a data en cuestión.

O día 21 de decembro chegounos unha mensaxe do Concello coa referencia “Comisión investigación Chapela”, co seguinte contido:

*Boas tardes,*

*En cumprimento do falado na Xuntanza do 6 de novembro, comunicase que o día establecido para a consulta do Expediente da Piscina de Chapela é o luns, a partires das 19.30 horas,. Solicítase que para proceder á consulta se comunique previamente.*

*Grazas.*

*Un saúdo.*

Non sabemos quen foi o/a responsable de escoller a data e o horario para a consulta pola tarde da documentación, pero con todos os nosos respectos: quedoulle a cabeza descansada. Se non nos equivocamos, este luns era o día de noiteboa, e o horario de consulta a partires das sete e media da tarde. Mira que non había días dende o 6 de novembro. Que conste que o horario outro día que non fose este non nos parece mal. Pero isto non nolo podemos explicar, salvo que non se teñan moitas ganas de que se investigue adecuadamente, se estean a burlar da comisión de investigación e dos funcionarios que teñen que permanecer alí para facilitarnos os documentos, ou houbera una deixadez total na elección da data sen reparar en que día era, e que ese día moita xente (membros da comisión e funcionarios) aproveitan para pásalo coa súas familias e amigos como é tradición. Anda que!!, que teñamos nos que explicar isto!!! Manda c\*\*\*\*\*o !!!

Dende AER queremos aclarar que nós xa tiñamos consultada parte desta documentación e copiado dela o que nos parecía mais importante dentro do marco da comisión de investigación, cousa que nos levou unhas cantas horas de consulta. Tamén dicir que a todos os membros da comisión que se puxeron en contacto con nós para compartir información, fixémoslles chegar toda a que tiñamos.

E para rematar este ano de forma mais agradable, deixámosvos una canción popular destas datas, vaia, una panxoliña, que escribiu amablemente un membro da agrupación.

“Panxoliña da convocatoria de consulta dos papeis da piscina de Chapela”

Ande ande ande esta si que é boa

ande ande ande que terás centola

Este luns é Noite Boa e o martes o Nadal

os papeis da piscina xa os podes consultar

Ande ande ande esta si que é boa

ande ande ande que terás centola

Pásate polo concello sobre as sete do serán

si te apuras coa lectura dache tempo de acabar

Ande ande ande esta si que é boa

ande ande ande que terás centola

Si viñeras de Chapela podes vir a outra hora

que te espera un funcionario que ese día cea fora

Ande ande ande esta si que é boa

ande ande ande que terás centola

Para investigala piscina ningún día é mellor

pois Pazos e o alcalde van estar de bo humor

Ande ande ande esta si que é boa

ande ande ande que terás centola

Boas festas e feliz ano!!!!